



V 2b<sup>2</sup>

“Tenga usté moi buenos días  
y moi buenas madrugadas  
señora que anda na horta  
collendo maragalladas<sup>1</sup>. ”

“ Non se me da por teu pai  
nin que llo anoxo pase,  
dáseme queridiña  
que fun contigo a Laxe. ”

“ Si fuches conmigo a Laxe  
fuches polo teu proveito  
aquelas palabras que deche  
puidéchelas ter no peito. ”

“ Si chas poden ter no peito  
queridiña ten razón,  
pero a min me agrada moito  
a túa conversación. ”

“ A miña conversación  
non daba ghusto a nada.  
Pois si Dio -lo así quixo  
que eu non fose túa dama. ”

“ Que non foses miña dama  
túa sogha che cansara  
o día do casamento  
hei de por monteira nova. ”

“ Que lle poñas monteira nova  
ghapo non che é marabilla,  
xa che se vai acabando  
o diñeiro de Castilla. ”

“ Que se me vai acabando,  
queridiña tes razón,  
que gastámo -los dous  
na taberna do Turrón. ”

“ Si o ghasámolos dous,  
burrigo de Bardalás.  
Si o gastámolos dous,  
eu non cho mandei ghasstar. ”

<sup>1</sup> Nota no Cancioneiro Popular Galego: **maragallada** ou **maraballada**, **marafallada**: malas herbas que se mondan nas leiras para dar ó gando.



- Pero eso tamén se cantaba, non?
- Bueno, esto é mais conto de contar así que de cantar.
- Seguro? Eu creo que sí que se podía cantar. Ti non sabes como se cantaba?
- Non, porque eu sempre llo escoitaba a miña abuela contando o conto así, en conversa, non sabes?
- E non cantaba nada?
- No, porque era eso. Un dicía e o outro respondía.